

Fina Casalderrey: «A vida é o mellor taller literario»

[María Conde](#) PONTEVEDRA / LA VOZ [CULTURA](#)

A autora lanza unha nova edición de «Un misterio na mochila de Alba»

30 xullo 2011.

Esta verán vive nunha nube de emocións. Xubilouse como profesora no IES Illa de Tambo, de Marín, despois de corenta anos na docencia e celebrou vinte da publicación da súa primeira obra coa nova edición de Un misterio na mochila de Alba, unha obra que lanza Oxford e que precisamente ela di que dedica aos mestres.

-¿Que cambia nesta reedición con respecto ao libro publicado no 2005?

-Eran oito capítulos e agora 25. É en esencia a mesma historia, pero contada doutra maneira, con máis detalles, moi mimada. O libro ten pasta dura e debuxos de Xosé Cobas.

-Di que este libro llo dedica aos mestres.

-Pois si, a todos os ensinantes e especialmente aos que foron coincidindo no camiño comigo e aos da miña escola infantil de Monteporreiro, que leva o meu nome. Eles me elixiron en vida, e eu tamén quero facerlles cousas a eles en vida.

-Pode dicir que se vai da docencia coa mochila chea.

-Pois é certo. Voume coa mochila chea de afectos, dos compañeiros, e dos nenos e nenas. Iso faíno por un lado máis doce, e por outro, notas un pouquiño de «demasiado pronto». É coma se foses un afogado; eu nunca estiven afogándome, pero polo que din pasa a vida como nun momentinho toda por diante. Pois a miña vida profesional tamén. É coma se me pasase toda por diante. De todo o que me levo non son as cousas prácticas ou as teorías que ensinei, senón outras as que máis quedan. Cando alguén se emocionaba cun poema... Ou dicía: «Profe, fixen un poema ao estilo de O divino sainete de Curros». Agora mesmo, cando pensas que os nenos pasan máis desas cousas non é certo, porque estes días demostráronme con esas bágoas sinceras, con cartas deliciosas ou con frases como: «Cando me dean o Nobel de Ciencias, voucho dedicar a ti e á miña avoa...» Con isto pensas: non o debín facer tan mal. E prefiro irme sen que me boten, cando sinto que aínda me queren, cando eu os quero. Prefiro irme cando só me cansan e non me aburren. Esta é unha dor que paga a pena vivir, aínda que doa, é peor non a ter vivido nunca. É máis, este ano, que xa sabía que me ía, parecíanme os nenos máis bos que nunca. Daba Galego nuns cursos e noutros Matemáticas e tiven moita sorte, tiven un curso excelente. Había uns nenos espabiladísimos..

-A obra é un relato sobre o que precisa a xente para ser feliz. ¿Que cre que necesitan agora os nenos para selo?

-Sobre todo precisan tempo e atención. E a atención non se xustifica mercándolle todo o que queiran e non poñéndolle límites. Eles son intelixentes, moito máis do que pensamos. Saben cando un mestre ou un pai non lle sabe poñer límites. Eles tiran ata onde ven, e son conscientes de cando están manexando eles e cando o barco vai á deriva porque o que lles deixan facer non é normal. Eles necesitan deses límites e agradécenos.

-Agora que deixa a docencia terá máis tempo para escribir.

-Agora quero vivir, que a vida é o mellor taller literario. Terei tempo para vivir outras cousas e beber do que xa vivín. Xa entro nesa etapa [ri] de mirar dentro. E por suposto non perder o contacto coa realidade de fóra, supoño que cos nenos non a perderei cando haxa encontros en escolas ou así. Se penso que vou perder, si que me entra unha saudade que doe e non me gusta.